

AXUDA A DOMICILIO

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Publicación provisional : 23-05-1998 BOP Nº 00 -- Publicación definitiva : 23-05-1998 BOP Nº 00
Redacción aplicábel dende 01-07-1998 Até 28-10-2009 - Derrogada

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.º .- Definición

O Servizo de Axuda no Fogar trata de prestar un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia e evitando así o seu internamento.

Artigo 2.º .- Finalidade

1.-A finalidade do servizo é mellora-la calidade de vida das persoas que viven nos seus domicilios e requiran asistencia.

2.-O servizo debe auna-lo esforzo do propio usuario, da súa familia, veciños e amizades, dos servizos públicos e privados, dos voluntarios , é dicir, o esforzo da comunidade no seu conxunto, para proporciona-lo benestar desexado mantendo o maior grao de autonomía mediante un labor preventivo, asistencial e rehabilitador.

3.- Nunca se fará á persoa aquilo que poda facer ela xa que, polo contrario, se lle iría incapacitando, causándolle dependencia en lugar de autonomía.

4.- Non se deberá reempazar á familia na súa responsabilidade senón que, pola contra, se lle estimulará na atención ó usuario.

5.- Os principios fundamentais que se deben dar na atención son: a individualización, o respecto, a aceptación de toda persoa, e o recoñecemento do dereito inalienable a programar a súa propia vida e a tomar decisións que lle afecten, é dicir, a súa autodeterminación e relación persoal.

Artigo 3.º .- Obxectivos

1.-Os obxetivos principais do servizo:

a) Prevención de situacións de crise individual e/ou familiar, prestando apoio persoal e social ás persoas que se atopen necesitadas.

b) Ofrecer apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social no seu medio habitual de vida.

c) Evita-los internamentos non desexados ou innecesarios.

d) Reforza-los vínculos do usuario/a coa familia, veciños e o entorno, ou fomentar uns novos.

e) Potencia-la utilización de recursos comunitarios.

f) Axudar á familia a asumi-las súas responsabilidades respecto da atención dalgún membro que o necesite.

g) Facilita-los medios para que os usuarios/as poidan mellora-la súa calidade de vida.

Artigo 4.º .- Prestacións

A variedade de prestacións que se ofrecen desde o servizo de axuda no fogar, concretaránse nas seguintes atencións:

1) Atencións de carácter persoal:

Engloban aquelas tarefas que se dirixen ó propio usuario/a do servizo cando este non poida realizalas por si mesmo, ou ben cando deba atenderse ás seguintes necesidades :

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de mante-la hixiene corporal.
- Axuda para comer.
- Supervisión, se procede, da medicación simple prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde.
- Apoio á mobilización dentro do fogar.
- Compañía.
- Favorecer actividades de ocio.
- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar-la finalidade deste servizo a proposta do técnico responsable.

2) Atencións de carácter doméstico:

Enténdese como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a :

- Alimentación. Comprenderá, entre outras, os labores de compra e preparación do alimento.
- Roupa. Comprenderá as funcións de lavala, ordenala e outras análogas.
- Limpeza e mantemento da vivenda.

3) Atencións de carácter técnico e complementario:

Refírese á xestión ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións idóneas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia domiciliaria e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

CAPITULO II.- DOS BENEFICIARIOS DO SERVICIO

Artigo 5.º .- Beneficiarios

1.- Serán beneficiarios do servizo:

a) Familias ou persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha axeitada atención domiciliaria.

b) Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atendan suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

c) Persoas minusválidas ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.

d) Persoas en xeral que pola súa situación de enfermidade ou falta de recursos sociais teñen dificultade para desenvolverse por sí mesmos.

e) Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

Artigo 6.º.- Requisitos dos beneficiarios

1.- Os requisitos que deben reuni-los beneficiarios son os seguintes:

a) Estar empadroado e residir no termo municipal.

b) Que non reciban axuda doutra institución ou entidade para esta fin.

c) Que non teñan familiares con obrigas legais de prestar alimento ou existindo estes: que se neguen a cumprir esta obriga, residan fóra do término municipal, ou estean imposibilitados para facerse cargo das atencións do beneficiario tanto a nivel económico como persoal.

d) Que non presenten un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesiten máis un internamento asistido e continuado que a axuda no fogar.

e) Que reúnan as condicións persoais, sociais, económicas, etc que figuran nos baremos.

f) O servizo de axuda no fogar será gratuíto e, polo tanto, será requisito indispensable que as persoas ou unidades familiares non superen o límite de ingresos establecido:

1 membro: 130 % do SMI

2 membros: 150 % do SMI

3 membros: 170 % do SMI

4 membros: 190 % do SMI

5 membros: 210 % do SMI

CAPÍTULO III. DO PROCEDEMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO ÓS USUARIOS

Artigo 7.º.- Solicitudes e documentación

1.- O servizo de axuda no fogar será prestado polo Concello de Laxe, ben de oficio ou a instancia de parte.

a.- De oficio.-O Concello iniciará de oficio o expediente da prestación do servizo nos casos de carácter urxente, de grave perigo para a vida do usuario, altas hospitalarias ou ausencias temporais de persoas con familiares ó seu cargo, ou situacións similares nas que se demostre a necesidade urxente do servizo, e sempre en función da dispoñibilidade do mesmo.

b.- A instancia de parte.- As solicitudes da prestación do servizo deberán formularse no modelo que figura como Anexo I deste regulamento e o que se xuntará a seguinte documentación:

a) DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte.

b) Libro de familia.

-
- c) Cartilla da Seguridade Social / Tarxeta Sanitaria.
- d) Informes médicos do beneficiario e familiares que necesiten xustifica-las súas limitacións (segundo o modelo que se facilitará nas dependencias dos Servicios Sociais de Base do Concello- Anexo II).
- e) Xustificante de ingresos de toda a unidade de convivencia: copia das declaracións da renda e patrimonio ou certificado/s negativos e declaración xurada, xustificante de pensión/s, prestacións, rendas de traballo, etc. (INEM, INSS, nóminas, etc.), certificado de xuros bancarios, recibos de contribución, certificación/información dos servizos municipais sobre padróns (urbano, rústico, de vehículos, actividades económicas), declaración sobre percepción de alugueres e outros ingresos complementarios, recibos de pagamento de aluguer e outros gastos fixos, se é o caso.
- f) Certificado de empadramento e convivencia.
- g) Calquera outro que se considere necesario para a valoración da solicitude e que teña relación cos aspectos que hai que valorar.

2.- No caso de iniciarse de oficio o expediente, a Alcaldía-Presidencia ou Concelleiro en quen delegue resolverá o mesmo, con carácter urgente, previa a emisión polo/a Traballador/a Social do informe técnico pertinente.

3.- No caso de iniciarse a instancia de parte, unha vez formalizada a solicitude coa documentación correspondente, procederase polo/a Traballador/a Social á comprobación dos datos aportados e á emisión do informe avaliador da solicitude, segundo a baremación establecida no Capítulo VII deste Regulamento. O expediente será remitido á Alcaldía ou Concelleiro en quen delegue, quen adoptará a resolución pertinente, que deberá ser comunicada ó interesado e o/a Traballador/a Social.

CAPÍTULO IV.- ORGANIZACIÓN

Artigo 8.º.- Persoal

Será o que se dispón para tales efectos nos artigos 5 e 6 da Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 22 de xullo de 1996.

Artigo 9.º.- Funcionamento

1.- A supervisión do funcionamento do servizo realizarase será coa periodicidade que o/a Traballador/a social xulgue pertinente, facendo un seguimento individual de cada un dos casos atendidos, considerando a necesidade de mantelo, ampliálo ou suprimilo.

2.- A coordinación e supervisión das/os auxiliares de axuda no fogar, establecerase en reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas seguidas polas traballadoras. Estas reunións de carácter técnico e de asesoramento terán, en todo caso, a finalidade de mellorar progresivamente a calidade do servizo.

3.- Os días de atención ós beneficiarios serán de luns a venres, quedando excluídos os festivos e o horario nocturno. Non obstante, e dependendo de cada caso, poderase presta-lo servizo fóra do horario sinalado, a causa de posibles necesidades especiais.

4.-O tempo de atención será como máximo de dúas horas diarias, e virá determinado pola necesidade que se formule en cada solicitude, segundo o criterio profesional do/a Traballador/a Social. O tempo de atención poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais e/ou familiares, e pola dispoñibilidade de medios do servizo de axuda no fogar municipal.

5.- No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender tódalas demandas susceptibles de recibilo, elaborarse unha lista de espera por orde de puntuación.

6.- En caso de baixa ou vacacións das auxiliares de axuda no fogar, a súa substitución quedará condicionada á dispoñibilidade do servizo.

CAPÍTULO V.- DOS DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 10.º.- Dos beneficiarios

1.-Os beneficiarios terán as seguintes obrigas:

a) Comunica-las modificacións que teñan lugar en relación ó dereito a recibir esta prestación, así como calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica e/ou familiar de interese en relación coa axuda recibida.

b) Non realizar cambios de horario, tarefas, etc. sen a autorización do/a Traballador/a Social.

c) Ser respetuoso cara o persoal do servizo e facilita-la colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.

d) Comprometerse a realiza-lo seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo Departamento de Servizos Sociais do Concello.

e) Non requirir-las atencións da auxiliar doméstica unha vez rematada a xornada de traballo, agás no suposto previsto no parágrafo 3 "in fine" do artigo 9.

f) Non realizar contactos coa auxiliar de axuda no fogar, referidos ó propio servizo, fóra do horario laboral a non ser a través do/a Traballador/a Social

g) Non facer preguntas ó persoal do servizo sobre datos persoais nin realizar comentarios con terceiros sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.

h) Se rexeita á auxiliar doméstica que se lle asigne, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que outra auxiliar (se a houber) o poida atender.

i) Comprometerse a facilitar tódolos materiais necesarios para a realización das tarefas asignadas.

j) Permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo.

k) Compromiso de coñecer e acepta-lo contido deste regulamento

Artigo 11.º.- Do persoal

1.-O persoal terá as seguintes obrigas:

a) Ser respetuoso, evitando que a confianza co beneficiario e a súa familia interfira no traballo.

b) Respetar-la intimidade do usuario e garda-la debida confidencialidade.

c) Non facer partícipe ós beneficiarios e á familia deste, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.

d) Respetar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambios sen previa autorización do/a Traballador/a Social.

e) Non facer traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso dende o Departamento de Servizos Sociais.

-
- f) Comunica-la ausencia con antelación, trala autorización do xefe de persoal, ó beneficiario e ó responsable do servico.
 - g) Non acudir ó lugar de traballo acompañados de persoas alleas ó servico.
 - h) Non recibir en custodia cartos, xoias nen obxectos.
 - i) Non recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do usuario (cartos, regalos, etc.).
 - j) Non dispor das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento do/a Traballador/a Social e, por suposto, a demanda do beneficiario.

CAPITULO VI.- DA MODIFICACIÓN, CONCESIÓN E SUSPENSIÓN PROVISIONAL, EXTINCIÓN DO SERVICIO

Artigo 12.º .- Modificación

O tempo de atención ós beneficiarios poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares e pola disponibilidad de medios do propio servico. A proposta de modificación realizarase tras un estudo e análise da situación por parte do/a Traballador/a social.

Artigo 13.º .- Suspensión provisional

A suspensión provisional producirase nos seguintes supostos:

- a) Ausencia do beneficiario do seu domicilio por vacacións, viaxes, participación en programas de termalismo social, internamento en centros sanitarios, etc. por un tempo inferior a tres meses.
- b) Por necesidades do servico, se fose necesario amplia-lo número de beneficiarios e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria, económica do beneficiario.
- c) Asumir temporalmente por parte dos familiares, da atención do usuario, período de vacacións, estancias temporais, etc. sempre e cando non supere os tres meses.

Artigo 14.º .- Concesión provisional

Poderase conceder provisionalmente o servico nos seguintes supostos, e sempre que existan vacantes:

- a) Con carácter preferente ós beneficiarios en situacións excepcionais graves
- b) Os beneficiarios que se atopan en lista de espera.

Artigo 15.º .- Causas de extinción

Serán causas de extinción do servico:

- a) Renuncia do beneficiario.
- b) Baixa no padrón de habitantes.
- c) Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
- d) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

e) Falecemento do beneficiario.

f) Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como trato inadecuado do beneficiario á auxiliar, falta de colaboración do beneficiario no desenvolvemento do servizo, que impoña tarefas á auxiliar que non lle corresponden ou similares.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

h) Se a familia utiliza o servizo para fins diferentes ós propios da axuda no fogar.

i) Se a familia ou o beneficiario ocultan datos económicos ou doutra índole para acceder ó servizo.

j) Se o beneficiario se ausenta do domicilio sen causa xustificada por un período superior a tres meses salvo en caso de ingreso hospitalario.

k) Que alguén asume totalmente a atención do beneficiario.

l) Cando o concello deixe de presta-lo servizo, ben por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social.

ll) Servizo suxeito a subvención que, en caso de non ser concedida, poderá conleva-la súa supresión.

CAPÍTULO VII.- BAREMACIÓN

Artigo 16.º.- Baremo para a selección de beneficiarios.

Existen dúas posibilidades de acceso, ben a través do baremo para persoas con problemas de autonomía persoal ou a través do baremo para situacións de desaxustes familiares ou conflitos psico-sociais.

A.-SITUACIÓN CON PROBLEMAS DE AUTONOMÍA PERSOAL

I.- Situación de autonomía persoal (máximo 80 puntos), que valorará a capacidade da persoa para realizar certas actividades indispensables. Puntuaranse os aspectos que se sinalan a continuación da seguinte maneira: SI: 0 puntos, CON DIFICULTADE: 2 puntos e NON: 5 puntos)

- Limpeza da casa.
- Lavar a man, tender e pasa-lo ferro á roupa.
- Face-la compra.
- Cociñar, lava-los pratos.
- Realizar xestións, ir ó médico, etc.- Subir escaleiras.
- Asearse e bañarse.
- Vestirse, espirse.
- Posuir orientación tempo-espacial.
- Manexar interruptores.
- Sentarse, levantarse.
- Andar só/a.

- Comer só/a.
- Permanecer encamado/a.
- Control de esfínteres.
- Sen alteracións psíquicas.

II.- Situación familiar (puntuación máxima 55 puntos) :

A- Situación de soedade:

- 1- Ningunha sen posibilidade de axuda. (55 puntos).
- 2- Os familiares non se ocupan da súa atención (50 puntos).
- 3- Ten veciños que o atenden en situacións de urxencia (40 puntos).
- 4- Ten veciños que o atenden de maneira habitual pero a atención é insuficiente (35 puntos).
- 5- Ten posibilidade doutra convivencia fóra do municipio (20 puntos).
- 6- Ten posibilidade doutra convivencia dentro do mesmo municipio (10 puntos).

B- Convivencia con familiares:

- 1- Os familiares que a atenden non posúen capacidade persoal suficiente para atendela (35 puntos).
- 2- Os familiares que a atenden carecen de capacidade para organizarse (30 puntos).
- 3- Os familiares que a atenden non dispoñen de tempo suficiente para a súa atención (25 puntos).
- 4- Incompatibilidade horaria para ser atendido polos familiares (20 puntos).
- 5- A familia adica moito tempo á atención e carece de tempo de lecer (15 puntos).

C- Convivencia con outras persoas:

- 1- As persoas que a atenden non posúen capacidade persoal suficiente para atendelo (40 puntos).
- 2- As persoas que a atenden carecen de capacidade para organizarse (35 puntos).
- 3- As persoas que a atenden non dispoñen de tempo suficiente para a súa atención (30 puntos).
- 4- Incompatibilidade horaria para ser atendido polas persoas coas que convive (25 puntos).
- 5- Os convivintes adican moito tempo á atención e carece de tempo de lecer (20 puntos).

D- Relación coas persoas que lle prestan ou poden prestar axuda.

- 1- Problemas leves de carácter transitorio. (1 punto).
- 2- Problemas leves permanentes. (2 puntos).
- 3- Problemas graves na relación. (4 puntos)
- 4- Altercados violentos. (5 puntos)

III.- Situación social: valorarase o equipamento da vivenda e o seu entorno (máximo 15 puntos).

A- Vivenda. Sumarase un punto por cada item:

- 1- Non ten luz eléctrica.
- 2- Non ten auga corrente.
- 3- Non posúe WC.
- 4- Non posúe cuarto de baño completo.
- 5- Non ten neveira.
- 6- Non ten quentador.
- 7- Non ten lavadora.
- 8- Estructura en moi mal estado.
- 9- Non reúne as condicións mínimas de limpeza.
- 10- Posúe barreiras arquitectónicas.
- 11- A superficie útil da vivenda é insuficiente (aproximadamente 15 m2 por persoa).
- 12- Ten a vivenda illada do núcleo onde se emprazan os servicios (sanitarios, escolares, etc.).

B- Entorno:

- 1- Ten solicitado un internamento (1 puntos).
- 2- Debe ingresar nun centro pero non quere ir (2 punto).
- 3- Non ten posibilidade de ingreso pero necesítalo (3 puntos).

IV.- Situación económica. Renda = total de ingresos - aluguer de vivenda ata un máximo do 40 % do SMI (máximo 30 puntos). Considéranse os ingresos económicos de toda a unidade de convivencia, tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Ingresos por salario, pensións, prestacións do INEM, etc.
- b) Xuros bancarios.
- c) Ingresos en metálico por calquera outro concepto (rendas de alugueres, etc.).

d) Aqueles bens mobles e inmobles sobre os que se posúa calquera clase de dereito, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes. (aplicarase o 2% do valor catastral). Exceptuase a vivenda propia.

Coa suma de tódolos ingresos farase un promedio mensual e coa aplicación da seguinte táboa, obterase a puntuación deste apartado.

B.- SITUACIÓN DE DESAXUSTE FAMILIAR OU CONFLICTO PSICO-SOCIAL

I.- Situación familiar: (puntuación máxima 90 puntos).

A- Familias con menores a cargo:

-
- 1- Familia con máis dun membro xerador de conflito (85 puntos).
 - 2- Familia cun membro xerador de conflito (80 puntos).
 - 3- Familia na que ámbolos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións intelectuais que impiden a atención adecuada dos menores (75 puntos).
 - 4- Familia monoparental que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, etc) non pode atender ós menores (70 puntos).
 - 5- Familia que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, etc,) non pode atender ós menores (65 puntos).
 - 6- Familia con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, de aseo persoal, mala distribución do presuposto, mala organización, ausencia de roles, etc) (60 puntos).

B- Número de menores:

- 1- Un menor (1 punto.)
- 2- Dous menores (2 puntos.)
- 3- Tres menores (3 puntos.)
- 4- Catro menores (4 puntos.)
- 5- Cinco menores (5 puntos.)

C- Familias sen menores a cargo:

- 1- Familias con máis dun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanías, enfermidades mentais, etc) (60 puntos).
- 2- Familias cun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanías, enfermidades mentais, etc) (55 puntos).
- 3- Persoas carentes da formación necesaria para o axeitado desempeño das actividades cotiás básicas (50 puntos).

II.- Situación social: (puntuación máxima 55 puntos).

A- Vivenda. Sumarase 3 puntos por cada item:

- 1- Non ten luz eléctrica.
- 2- Non ten auga corrente.
- 3- Non posúe WC.
- 4- Non posúe cuarto de baño completo.
- 5- Non ten neveira.
- 6- Non ten quentador.
- 7- Non ten lavadora.
- 8- Estructura en moi mal estado.
- 9- Non reúne as condicións mínimas de limpeza.

10- Posúe barreiras arquitectónicas.

11- A superficie útil da vivenda é insuficiente (aproximadamente 15 m2 por persoa).

12- Ten a vivenda illada do núcleo onde se emprazan os servicios (sanitarios, escolares, etc.).

B- Entorno:

1- Malas relacións veciñais (7 puntos).

2- Relacións conflictivas ou nulas coas institucións (7 puntos).

3- Situación de illamento (19 puntos).

III.- Situación económica (máximo 30 puntos) Ídem. baremo para a situación con problemas de autonomía persoal.

CAPÍTULO VIII.- FINANCIAMENTO DO SERVICIO

O servizo de axuda no fogar financiarase coas aportacións da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial e do Concello, polo que será un servizo gratuíto, sen prexuízo de que nalgún momento se xulgue convinte establecer unha taxa ou prezo público que grave a prestación do mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que sexa publicado integramente no BOP e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

DILIXENCIA

-Para facer constar que o Regulamento que antecede que consta de oito capítulos distribuídos en dezaseis artigos, e unha disposición final, foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 23 de maio de 1998.

Laxe, 25 de maio de 1998.-O Secretario.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR

ANEXO II

INFORME MÉDICO

ANEXO III

VALORACIÓN DE SITUACIÓNS CON PROBLEMAS DE AUTONOMÍA PERSOAL

ANEXO IV

VALORACIÓN DE SITUACIÓNS CON PROBLEMAS DE DESAXUSTE FAMILIAR OU CONFLICTO PSICO-SOCIAL